

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O encanto da Cova dos Mouros de Ardán

Uns veciños de Cela, en Bueu, foron canda o cura párroco pillar un encanto ao Monte Castelo, que cadra na parroquia veciña de Ardán, en Marín (Pontevedra).

O crego trazou un circo de Salomón arredor de cada un dos que ían, comezou a ler nun libro e a seguir viron vir cara eles animais moi feos.

Cando volveron outro día aparecéuselles un home que lles preguntou que querían, e eles dixeron que o diñeiro das arcas reais. E tamén lles dixo que volvesen ao día seguinte e que trouxesen de prenda un galo, ou unha galiña, negros.

Cando volveron coa prenda ao día seguinte atoparon un carro cheo de diñeiro, mais un dos presentes exclamou: -Loado sexa Deus, que desta quedamos ricos!

E foi acabar de dicilo e desaparecer todo o ouro que había alí agás unha pequena parte, poi o crego estivo atento e tiroulle a estola enriba.

Xa sabiamos, e esta xente tamén o debera saber, que cando se vai desencantar un tesouro non se pode nomear a Deus nin a ningún dos seus.

[Segundo as versións recollidas en 1993 polo alumno Manuel Lorenzo del Río do colexio Público de Bueu e publicadas na revista escolar □O Candil□, nº 15, decembro de 1997]

